

AXUDAS Á MOBILIDADE PREDOUTORAL PARA REALIZAR ESTADÍAS EN CENTROS DE I+D
DOS CONTRATADOS PREDOUTORAIS PARA A FORMACIÓN DE DOUTORES – FPI (Plan Estatal de I+D+I)
SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN

OBXECTO DA AXUDA

Esta axuda ten como finalidade financiar as estadías en centros de I+D e os gastos de matrícula derivados das ensinanzas de doutoramento, aos contratados predoutorais que están a realizar unha tese de doutoramento asociada a un proxecto de investigación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Resolución de 17 de outubro de 2021 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria do ano 2021 de axudas para contratos predoutorais para a formación de doutores (artigo 7.4), (BOE 21/10/2021).
- Resolución de 21 de decembro de 2022 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación por la que se aprueba la convocatoria do ano 2022 de axudas para contratos predoutorais para a formación de doutores (artigo 7.5), (BOE 23/12/2022).
- Orde do 30/12/2022 pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2022 do procedemento de concesión de axudas a “Proyectos de Generación de Conocimiento” y a actuación para a formación de personal investigador predoutoral asociadas a ditos proxectos ... (artigo 14.5) (BOE 03/01/2023). Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2023, publicada con data 01/12/2023.
- Orde do 27/12/2023 pola que se aproba a convocatoria 2023 de axudas a “Proyectos de Generación de Conocimiento” y a actuacións para a formación de personal investigador predoutoral asociadas a ditos proxectos (artigo 14.5) (BOE 30/12/2023). Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2024, publicada con data 21/11/2024.
- Orde do 09/12/2024 pola que se aproba a convocatoria 2024 de axudas a “Proyectos de Generación de Conocimiento” y a actuacións para a formación de personal investigador predoutoral asociadas a ditos proxectos (artigo 14.3) (BOE 12/12/2024). Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2025, publicada con data 16/12/2025.

Se autoriza unha única axuda adicional de 6.860 €, nas convocatorias correspondentes aos anos 2021, 2022, 2023 e 7.000 €, nas convocatorias para os anos 2024 e 2025, por cada persona investigadora contratada. A antedita axuda adicional poderase destinar ao financiamento de estadías en centros de I+D que realicen as persoas contratadas predoutorais durante a etapa de contrato e ao financiamento dos gastos de matrícula derivados das ensinanzas de doutoramento.

As estadías poderanse realizar noutros centros de I+D, públicos ou privados, incluíndo empresas, estranxeiros ou españois, sempre que os centros estean situados nunha localidade distinta á do centro en que se desenvolve a actividade.

Terán unha duración mínima dun mes de forma ininterrumpida, contada a partir da data de incorporación ao centro receptor e poderanse levar a cabo, tanto na etapa predoutoral como na fase POP.

Deberán asegurar un grao de mobilidade e/ou internacionalización á que non se accedeu por formación académica anterior ou por outros factores tales como residencia ou nacionalidade, e en ningún caso ocasionar un atraso na finalización dos estudos de Doutoramento.

A autorización para a execución da estadía é responsabilidade da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	gfFAggQ6jFYAnM6qdfQmxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	02/02/2026 14:25:34
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gfFAggQ6jFYAnM6qdfQmxw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





O gasto xustificable poderá comprender os seguintes conceptos: gastos derivados do aloxamento e manutención, e gastos derivados de locomoción, visado e seguro de accidentes e médico, no seu caso.

A axuda para o aloxamento e a manutención é incompatible coas obtidas para o mesmo fin en calquera outra convocatoria de entidades públicas ou privadas.

O persoal investigador en formación que se desprace ao estranxeiro ao amparo destas axudas deberá dispoñer obrigatoriamente dun seguro de accidentes e de asistencia médica, naqueles casos nos que o desprazamento sexa a países nos que non teña validez a Tarxeta Sanitaria Europea ou o Certificado Provisional Sustitutorio da Tarxeta Sanitaria Europea. O citado seguro será contratado pola UDC e o seu custo será imputado a esta axuda.

SOLICITUDE:

O prazo de presentación de solicitude de autorización para a realización da estadía permanecerá aberto ata dous meses antes de que finalice o contrato predoutoral.

Para poder autorizar a estadía, será necesario que a persoa interesada presente unha solicitude dirixida ao Servizo de Investigación (Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores, outrasaxudas@udc.gal), cunha antelación mínima dun mes sobre a data prevista para o inicio da estadía, xunto coa seguinte [documentación](#):

- Solicitude
- Memoria
- Solicitude de licencia aos efectos de docencia e investigación
- Carta de aceptación do centro de destino
- Solicitude TA.300 – Trabaxadores desprazados (de ser o caso). Este formulario debe ser presentado sempre que a estadía breve se realice nalgún país da Unión Europea ou en países cos que España teña suscrito convenio de Social.
- Orzamento de gastos de visado, no seu caso

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:

O tratamento dos datos persoais necesarios para a solicitude de autorización que se regula neste procedemento rexeráse polo disposto na [normativa de protección de datos da UDC, aprobada no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2019](#).

AUTORIZACIÓN:

Tras recibir a solicitude, esta Vicerreitoría emitirá a preceptiva autorización de estadía, con indicación expresa das datas e dos importes máximos a financiar en cada concepto, en función do país e da duración da mesma, segundo a contía establecidas nas convocatorias citadas no primeiro parágrafo. A autorización comunicárase persoalmente á persoa solicitante.

Estas axudas serán imputadas ás partida orzamentarias:

- Contratados predoutorais da Convocatoria 2021: 05.99.22.08.19 541A 480.00
- Contratados predoutorais da Convocatoria 2022: 05.99.24.08.22 541A 480.00
- Contratados predoutorais da Convocatoria 2023: 05.99.24.10.15 541A 480.00
- Contratados predoutorais da Convocatoria 2024: 05.99.25.00.15 541A 480.00
- Contratados predoutorais da Convocatoria 2025: 05.99.25.12.64 541A 480.00

O 70% da axuda farase efectiva á persoa interesada antes do comezo da estadía. O 30% restante pagarase unha vez presentada a documentación xustificativa da realización da estadía.

XUSTIFICACIÓN:

Concluída a estadía, as persoas beneficiarias deberán acreditar a súa realización ante a Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores do Servizo de Investigación no prazo de **dez días hábiles**.

Código Seguro De Verificación	gfFAggQ6jFYAnM6qdfQmxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	02/02/2026 14:25:34
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gfFAggQ6jFYAnM6qdfQmxw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de realización da estadía (elixir modelo segundo corresponda a convocatoria da axuda)
- Memoria
- Liquidación de gastos asinada e acompañada dos xustificantes de gastos orixinais (facturas, billetes, tarxetas de embarque, tickets utilizados na viaxe). Só se admitirán billetes de transporte público se vén especificado o seu prezo ou se acompaña da factura.
- Para o caso de desprazamento en vehículo particular deberán aportar tickets de gasolina e/ou peaxes que acrediten o desprazamento realizado.
- Xustificantes orixinais de gastos de visado

No caso de non levarse a efecto a estadía ou non podela xustificar, a persoa beneficiaria estará obrigada a devolver a totalidade da cantidade percibida, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidera ter incorrido.

A Coruña, na data da sinatura dixital

Máis información:
Sección de xestión de convocatorias
e axudas a investigadores
Reitoría. A Maestranza
outrasaxudas@udc.gal
Tfno: 881 01 2377

Jerónimo Puertas Agudo
Vicerreitor de Investigación e Transferencia

Código Seguro De Verificación	gfFAggQ6jFYAnM6qdfQmxw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	02/02/2026 14:25:34
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gfFAggQ6jFYAnM6qdfQmxw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

